

RECENSIONES

Andrés TORRES QUEIRUGA, *Creo en Deus Pai. O Deus de Xesús e a autonomía humana*, SEPT, Vigo 1986, 246 páxs.

Andrés Torres Queiruga acaba de regalarnos con outro excelente libro, e xa van cinco (ou seis ou oito, segundo como se conte). Un libro que moitos crentes han agradecer, pois, unido ó rigor intelectual e científico que caracteriza ó noso autor, as súas páxinas rebordan da alegría da fe que nos contaxia. Un libro ó tempo de teoloxía e de espiritualidade, apto para a reflexión de fe individual ou de grupo, pero tamén para a meditación e mesmo para a oración en moitas das súas páxinas, como experimentou o que esto escribe.

a) É un libro cordial, propósito que xa anuncia o autor na 'Breve razón' que serve de pórtico ó libro, tralo Limiar de Chao Rego. Dinos Queiruga que o que manda é o "diálogo: a coidadosa atención ás xustas inxedanzas... a sintonía profunda", que busca expresa-la fe en categorías actuais, seguindo aqueles loables propósitos de Rahner. Un diálogo que quere ser cos crentes e os non crentes, coma ofrecemento gratuito dunha fe que axuda a vivir mellor, con máis ledicia e intensidade. Libro cordial, en fin, na súa mesma estrutura externa, pois o autor renuncia á metodoloxía científica do aparato bibliográfico subxacente, deixando para as últimas páxinas as notas que poden reclamar lectores máis esixentes.

O novo libro de Queiruga sitúase en clara continuidade con *Recuperación* (1977), tanto na factura coma nos contidos. Se alí a súa intención era "mostrar que se dalgún xeito se presenta o Deus cristián é coma amor sen medida e se algo busca o cristianismo é alixeirarlle á humanidade o peso da existencia" (px.12); aquí avanza polo camiño escomenzado, querendo reflexar tamén "sequera un mínimo de inconcebible liberación que a todos se nos anuncia en Xesús" (px.12). Ambos libros, xunto co voluminoso *A revelación de Deus na realización do home* (1985), forman unha verdadeira triloxía, con constantes referencias comúns (neste último tratadas de modo máis denso e erudito), que se implican e se complementan nun obxectivo común: Descubrir a Deus coma Pai, coma amor, coma liberador e potenciador do home, ou coma daquela fermosa frase que cita no libro que comentamos: "o gran compañeiro que sofre connosco e nos comprende" (px.181).

b) *Creo en Deus Pai* vains conducindo ó longo das súas páxinas, dun non-Deus ó Deus verdadeiro: o Deus de Paulo e de Xoán, dos místicos e dos cristiáns que descubriron o miolo da fe de Xesús. Dous son os pólos do libro: por unha parte a interrogante atea, e pola outra a fe en Deus Pai; no medio Deus como Anti-Mal, no que Queiruga analiza unha vez máis o tema do mal, que tan ben coñece e do que é unha verdadeira autoridade.

O libro está repartido en cinco simétricos capítulos que avanza progresivamente cara ó obxectivo anunciado no título. 1) No primeiro enfréntase co ateísmo ("o gran problema do noso tempo"). Tras recoñecer o moito que os cristiáns lle debemos á crítica da relixión, pola axuda inapreciable que representou para unha purificación necesaria, afirma claramente que o ateísmo moderno máis que negar a Deus, nega unha idea de Deus (px.19). A súa base está fundamentalmente na ameaza que Deus representa para a autonomía humana. A ilustración, que orixinou un pensamento radicalmente novo, non foi asimilada polas igrexas, ancoradas nos vellos plantexamentos, o que resulta a clave fundamental do problema. 2) A isto súmase o mergullamento da relixión nas estruturas burguesas, co que entrou nunha "dialéctica do peor co peor" (px.68): non asumiu a vontade emancipadora da nova cultura, pero casou de contado co novo poder reaccionario. "A mentalidade burguesa logrou domestica-lo lume da tradición bíblica" (px.71), cando en realidade "un cristián nunca será bastante radical na busca da xusticia, igualdade e liberdade para todos", afirma valentemente Torres Queiruga (px.75). Este é o tema do segundo capítulo, no que tamén aparece a "opción preferencial polos pobres". 3) "Deus como afirmación plena do home" é o título do terceiro capítulo, feito en base a un artigo que aparecera anos atrás en *Encrucillada* (nº 26, 1982). A paternidade de Deus está eclipsada na nosa cultura, ó ser visto Deus coma oposto ó progreso humano, ou coma proxección ideal dos desexos do home. Pero Deus é o creador que da vida nun "acto de xenerosidade de quen o regala todo de si" (px.104). É o Pai, o "papaíño" (Abbá) de Xesús, "esa fonte de confianza e tenrura que alimentaba o misterio de Xesús" (px.114); afrontando mesmo a crítica freudiana, en base á autenticidade e a grandeza da experiencia de Xesús.

4) O capítulo cuarto é dos máis densos: "Deus o Anti-Mal". Queiruga recapitula e abre novas pistas no espiñento problema do mal. A clave da súa resposta está en que Deus quere, pero "non pode" evita-lo mal, pois este forma parte da constitución finita da realidade: un mundo perfecto sería coma un círculo cadrado (px.151). Deus só puido crear un mundo finito, por definición; por outra parte, se o Deus do amor crea "só pode ser polo ben da creatura, e eso implica a imposibilidade de que o mal teña a última palabra" (px.158). Ademais, Xesús é a proba definitiva dun Deus que loita co home contra o mal, pagando un precio de sangue: na redención maniféstase o mal coma lugar da suprema revelación do amor de Deus.

5) "A evidencia de Deus e a súa alegría" é o capítulo que pecha o libro. Parte dunha "dialéctica do mellor co mellor", como proposta cara ó ateísmo: asunción da súa busca sincera, e superación da "ocultación do ser" nesta civilización tecnolóxica, para buscar o "máis ser". Finalmente, tras

desenmascara-lo equívoco do “silencio” de Deus (“Non se trata do silencio de Deus, senón da incapacidade da creatura para escoitar” px. 196), vai expresando cómo Deus fala facéndose presente na vida e na historia do home, na natureza e nas creaturas. Hoxe xa non se trata de “demostrar” a existencia de Deus, senón de “mostrar”, axudándolle ós homes a “dar a luz” o que levan dentro (maiéutica): unha fe que non engade nada ó mundo, pero que axuda a velo en profundidade, vivindo na alegría de que se sente nas mans do Pai, que é amor e non medo.

Outro libro importante de Torres Queiruga ó que só lle achacamos que non se lle colase a peculiar visión de Deus desde a nosa Terra, dada a súa probada fe galeguista. Esperamos tamén que retome a vea de *Teoloxía e sociedade* e nos sorprenda calquera día cunha aportación á teoloxía do galeguismo.

Victorino PÉREZ PRIETO

Julio LOIS, *Teología de Liberación. Opción por los pobres*, Ed. Fundamentos, Madrid 1986, 506 páxs.

“É unha das miñas conviccións máis antigas, profundas e queridas que non falar do pobre nun mundo coma o noso— onde a fame, a desnutrición e o analfabetismo alcanza proporcións colosais e crecentes e onde mesmo decenas de miles de persoas morren tódolos días por falta dos máis elementales recursos— vicia todo o discurso sobre Deus e despóxo de auténtica credibilidade”. Estas son as primeiras palabras do libro que o noso paisano Xulio Lois adica ó tema candente da *opción polos pobres*. Se logo engadimos que o texto ten 157 páxinas de notas con letra miúda e apretada, máis 24 de bibliografía, temos o mellor retrato robot da obra.

En efecto, trátase dunha obra que conxunta dúas cualidades fundamentais para un auténtico traballo teolóxico, sobre todo se éste se asoma a ese misterio sangrante que é a pobreza humana, co seu terrible seguimento de marxinação, de dolor, e de morte. O lector atopa aquí un alegato fondamente apaixonado acerca dun problema que o autor viviu durante anos na mesma América do Sur e ó que segue adicando todo o seu esforzo. E ó tempo recibe unha información exhaustiva, coidadosamente ordenada en cuestións e xenerosamente diferenciada na exposición. Quérese dicir que dispón dunha obra onde confronta-la súa fe, o seu pensamento e o seu compromiso cun dos problemas maiores, se non co problema maior, do noso mundo e do noso tempo.

Trátase dunha tese en doutoramento. Por iso o autor, máis ca emprender un camiño propio, quixo aplicarse a estudia-lo pensamento de